

## O LEGADO DE EDUARDO VILARIÑO PINTOS Á BIBLIOTECA CONCEPCIÓN ARENAL DA USC

The legacy of Eduardo Vilariño Pintos to the “Concepción Arenal” Library of the USC

José Francisco Méndez García  
Director da Biblioteca Concepción Arenal  
francisco.mendez@usc.es

### 1. Eduaro Vilariño e a biblioteca da USC

A Biblioteca Concepción Arenal da USC segue a medrar en canto ao número de documentos que alberga, incremento que sempre é motivo de xúbilo para os que formamos parte dela. A última incorporación produciuse no mes de setembro de 2010 ao recibir un importante donativo do profesor de Dereito Diplomático da Universidad Complutense D. Eduardo Vilariño Pintos, que foi alumno da Facultade de Dereito da USC. Trátase da Biblioteca que foi do seu avó Eduardo Vilariño Magdalena, catedrático de Elementos de Dereito Natural na USC, sendo completada polo seu pai José Vilariño de Andrés-Moreno ata 1935.

Nela hai algo máis de 400 exemplares entre libros, discursos, folletos e algún manuscrito que en conxunto constitúe unha colección de indubidable valor histórico, testemuñal e bibliográfico con obras que se remontan ao século XVI.

A doazón de Eduardo Vilariño Pintos comezou hai xa anos cunha primeira entrega á antiga biblioteca da Facultade de Dereito de exemplares do século XIX da *Gaceta de Madrid*, entre outros. Máis recentemente, en 2005, continuou coa achega da *Jurisprudencia Civil*, o que posibilitou cubrir bastantes lagoas na colección que xa tiña a Biblioteca Concepción Arenal e sobre todo a *Jurisprudencia Criminal*, da que a biblioteca tiña unha colección moi cativa, que foi substituída por esta ao estar completa dende o T. 1 (1871) ao T. 135 (1935). Este segundo

legado quedou aceptado formalmente no Consello de Goberno da USC do 22 de xuño de 2004, no que se acordou por asentimento propoñer ao Consello Social “a aceptación da doazón de 334 volumes de xurisprudencia civil e criminal editada pola *Revista de Legislación y Jurisprudencia*, doados por don Eduardo Vilariño Pintos de conformidade co contrato que se anexa. O secretario xeral, no nome da USC, agradeceulle ao prof. Vilariño a súa doazón, que pasa a formar parte da Biblioteca Concepción Arenal”. Unha vez rematado o proceso desta nova entrega, igualmente será aceptada formalmente pola USC.

Eduardo Vilariño Magdalena naceu no Espírito Espírito Santo, concello de Sada, na casa orixinaria dos Magdalena en 1868 e faleceu en Santiago de Compostela en 1916 aos 48 anos de idade. Despois de brillantes estudos de ensino medio, cursou tamén con gran brillantez a licenciatura en Dereito na Universidade Compostelá, graduándose de licenciado en 1891, sendo doutor en Dereito na Universidad Central de Madrid o 14 de xuño de 1896 e catedrático o 19 de decembro de 1898. Moi rápida foi a súa carreira académica, sen dúbida apoiada pola súa militancia política, porque aparece como concelleiro da cidade de Santiago dende 1901<sup>1</sup>.

A Facultade de Dereito debe lembrar o inmenso labor levado a cabo por Vilariño Magdalena nos anos que foi catedrático dela. Era un namorado da cátedra, á que dedicaba a súa maior atención. Nunca faltaba, era un gran pedagogo e explicaba moi ben, con detemento e coitado, preparaba con todo detalle as clases e incluso asistían alumnos doutras facultades. O seu ensino era amplo, e o seu programa extenso. O seu amor ao rigor e á expresión exacta facíano aparecer ante os seus alumnos como profesor esixente, pero logo, como examinador era benévolo, sabendo irmandar a seriedade e a xustiza cun sentido caritativo e humano. Tamén exerceu de avogado e notario. Tantas ocupacións impedíronlle publicar obras doutriniais de prestixio, e só se lle coñece o Discurso lido na Universidade de Santiago na solemne inauguración do Curso Académico de 1909-1910. Igualmente, a cidade de Santiago

---

<sup>1</sup> Barreiro Fernández, X.R. Historia da Universidade de Santiago de Compostela .T. II, O século XIX, p. 401

debe lembrar a unha das súas autoridades, pois foi alcalde de 1903 a 1905. Foi membro e presidente da Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago de 1906 a 1911, e foi xefe do Partido Liberal de Montero Ríos en Santiago. Foi vicepresidente da Exposición Regional Gallega, de 1909.

## 2. O legado

Vilariño Magdalena inicia a súa biblioteca no ano do seu nacemento —1868—, obviamente sempre que as obras xa existiran e, tras a súa morte en 1916, foi completada polo seu fillo José Vilariño de Andrés-Moreno ata 1935. Está tamén integrada por unha partida de libros que aparecen como legado do Conde de Torrenovaes e Vizconde de Espasantes, legado que con posterioridade e, a través de D. Felipe Gutiérrez de la Peña y Tostado, pasou a José Vilariño, herdeiro universal do mencionado e pai do Dr. Vilariño Pintos.

Un bo número dos exemplares son manuais da súa época de formación como xurista, e algún deles, como os *Apuntes de Derecho Romano*, foron manuscritos polo propio Sr. Vilariño. O que reflicte este primeiro conxunto é a doutrina da época e o modo de impartila, o que constitúe unha valiosa testemuña da docencia do Dereito naquela Universidade do século XIX.

Aínda que o legado comprende fundamentalmente obras dos séculos XIX e XX, hai que destacar outras como o *Corpus Iuris Canonici emendatum et notis illustratum*, en tres volumes, publicado en Lugduni en 1591 e en moi bo estado, os volumes da *Novísima Recopilación de las leyes de España*, ou *El Fuero Viejo de Castilla*, en preciosa edición da imprenta de Joachin Ibarra. Figuran nos volumes algúns *ex libris* que quizais merecesen un estudo pormenorizado e que nos falan das súas amizades, compañeiros e relacións. Como académico que foi, chegarón-nos algúns discursos ou contestacións súas. Algúns exemplares son manuais de autores italianos (Taparelli d’Azeglio ou Prisco), ou franceses (Pothiers, Savigny), e non faltan obras de autores españois dunha época importante do dereito español, como Clemente de Diego, García Goyena, Sánchez Román, ou Antequera.

Con esta doazón a Universidade de Santiago -e a sociedade en xeral- recupera non só a biblioteca particular dun distinguido xurista, senón tamén unha pequena parte da súa historia. Non sería aventurado dicir que a figura de Vilariño Magdalena está aínda por estudar. Agardamos que o coñecemento e a difusión da súa biblioteca nos axude a comprender mellor ao personaxe e á súa época.

### 3. Bibliografía

- XOSÉ RAMÓN BARREIRO FERNÁNDEZ (coord.), *Historia da Universidade de Santiago de Compostela*. Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, Santiago de Compostela, 1998.
- BALDOMERO CORES TRASMONTE, *Os senadores da Universidade de Santiago*. Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, Santiago de Compostela, 1998.
- FRANCISCO PUY MUÑOZ, *O Valor da xurisprudencia galega : Discurso inaugural leído na solemne apertura do Curso académico 1985-86*. Servicio de Publicacións da Universidade, Santiago de Compostela, 1985.
- ISAURA VARELA GONZÁLEZ, *La Universidad de Santiago, 1900-1936 : Reforma universitaria y conflicto estudiantil*. Edicións do Castro, Sada, 1989.